

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

RESOLUCIÓN do 7 de novembro de 2019, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se fan públicos os Premios Deporte Galego do ano 2018 (código de procedemento DE401A).

No *Diario Oficial de Galicia* nº 104, do 4 de xuño de 2019, publicouse a Resolución do 24 de maio de 2019, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se convocan os Premios Deporte Galego do ano 2018.

Unha vez pechado o prazo de solicitude, e unha vez emendados os erros e/ou a falta de documentación, na data do 7.11.2019 tivo lugar a sesión do xurado cualificador que emite o seu acordo de concesión dos Premios Deporte Galego do ano 2018.

En virtude das atribucións que me foron conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar o acordo do xurado cualificador dos Premios do Deporte Galego do ano 2018.

Segundo. Esta listaxe expoñerase na páxina web <https://deporte.xunta.gal> e será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela pode interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante a Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben, un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

José Ramón Lete Lasa
Secretario xeral para o Deporte



ANEXO

Categoría	Premiado/a
1. Premio á mellor deportista feminina	Ana Peleteiro Brión
2. Premio á mellor deportista feminina con discapacidade (<i>ex aequo</i>)	Susana Rodríguez Gacio Desirée Vila Bargiela
3. Premio ao mellor deportista masculino	Manuel Antonio Campos García
4. Premio ao mellor deportista masculino con discapacidade	Francisco Pérez Carrera
5. Premio deportista revelación (<i>ex aequo</i>)	Malena Mieres García Teresa Abelleira Dueñas Nuria Rábano Blanco
6. Premio ao mellor equipo feminino (<i>ex aequo</i>)	Club Deportivo Burela Fútbol Sala Club Balonmán Atlético Guardés
7. Premio ao mellor equipo masculino	Martín Wizner Pérez-Lafuente e Pedro Ameneiro Amezaga
8. Premio ao mellor equipo de deportistas con discapacidade	Fundación Celta Integra
9. Premio á mellor entidade na promoción do deporte de base	Club Balonmán Lalín
10. Premio ao/á mellor adestrador/a	Xulio Xosé Conde Blanco
11. Premio ao/á mellor árbitro/a-xuíz/a	Zulema González González
12. Premio ao mellor labor informativo	Convivir Deportivo (Radio Galega)
13. Premio ao mellor evento deportivo	Campionato do Mundo de Xadrez Cadete, Sub-12, Sub-10 e Sub-8
14. Premio ao patrocinio deportivo	Estrella Galicia
15. Premio xogo limpo	Martín Liste Viaño
16. Premio Galicia Saudable á entidade de carácter público destacada no fomento e promoción da actividade física e hábitos de vida activa	Proxecto Cen mil motivos de peso
17. Premio Galicia Saudable á entidade de carácter privado destacada no fomento e promoción da actividade física e hábitos de vida activa	JIM Sports
18. Premio Galicia Saudable á entidade educativa destacada no fomento e promoción da actividade física e hábitos de vida activa	CEIP Plurilingüe Tirán

